



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN ORDINARIA DO 5 DE OUTUBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)
Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)
María Regenjo Vázquez (GPM PP)
Ramón García Conde (GPM PP)
Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)
Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)
Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)
Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)
Lucía Rodríguez Cao (GPM PT)
Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

Ausentes:

Ninguén

Secretaría-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **20:30 horas** do día **5 de outubro de 2018**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **ORDINARIA**, baixo a Presidencia de **D^a. M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaría-Interventora do Concello, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.


De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. Toma de posesión da concelleira electa D^a Lucía Rodríguez Cao.

PARTE RESOLUTIVA:

2. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das seguintes sesións: sesión ordinaria do 20.07.2018 e sesión extraordinaria e urxente do 14.09.2018.
3. Aprobación, se procede, dos días festivos locais para o ano 2019.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05/10/2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PARTE DE CONTROL:

4. Dación de conta das resolucións da alcaldía da núm. 316/2018 á núm. 458/2018.
5. Dación de conta do informe da Intervención ao abeiro do artigo 218 do TRLRFL.
6. Mocións por razón de urxencia.
7. Rogos e preguntas.

1) TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA ELECTA D^a LUCÍA RODRÍGUEZ CAO

A **Alcaldesa** da a benvinda á concelleira electa do GPM do PT, dona Lucía Rodríguez Cao, presente no público, que se incorpora ao lugar reservado ao representante do GPM do PT.

A continuación a **Alcaldesa** formúlalle a seguinte pregunta: "*¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleira e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*"

A concelleira electa contesta que "*promete pola súa conciencia cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao todas as veciñas e veciños de Lousame, gardando e facendo gardar os seus dereitos e autonomía, saúde o modo de vida, e respectando a súa vontade fronte a toda imposición e por imperativo legal, promete acatar a Constitución*".

Neste momento, dáse por finalizado o acto de toma de posesión de dona Lucía Rodríguez Cao, como concelleira de Lousame.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SEGUENTES SESIÓNS: SESIÓN ORDINARIA DO 20.07.2018 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 14.09.2018

A **Alcaldesa** comenta que vai someter a aprobación a acta da sesión ordinaria do 20.07.2018 e sesión extraordinaria e urxente do 14.09.2018, que foron remitidas coa convocatoria a todos os membros da Corporación. Pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

— *Acta da sesión ordinaria do 20.07.2018*

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP, PSdG-PSOE e BNG) e unha (1) abstención (emitida pola concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria ordinaria do día 20.07.2018.

— Acta da sesión extraordinaria e urxente do 14.09.2018

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP, PSdG-PSOE e BNG) e unha (1) abstención (emitida pola concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do día 14.09.2018.

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2019.

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

PROPOSTA DA ALCALDÍA, DE FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2019:

<<En cumprimento da normativa vixente, é preciso que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2019.

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2019 os seguintes:

- Xoves, día 25 de abril, San Marcos.
- Venres, día 4 de outubro, San Roquiño.

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Lousame, a 2 de outubro de 2018

A Alcaldesa

Mª Teresa Villaverde Pais

.....
A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos 6 concelleiros do GPM do PP, 3 concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e 1 concelleiro do GPM do BNG) e unha (1) abstención (emitida pola concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<En cumprimento da normativa vixente, é preciso que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2019.

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2019 os seguintes:

- Xoves, día 25 de abril, San Marcos.
- Venres, día 4 de outubro, San Roquiño.


Segundo: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>

4) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DA NÚM. 316/2018 Á NÚM. 458/2018.

A Alcaldía da conta das Resolucións por ela emitidas da número 316/2018 á número 458/2018.

A Corporación dáse por enterada.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO TRLRFL.

A Alcaldía da conta do informe da intervención núm. 58 do 31.07.2018, en cumprimento do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Corporación dase por enterada.

6) MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA.

A Alcaldía sinala que tal e como anunciou na documentación remitida coa convocatoria do Pleno, quere incluír na Orde do Día do Pleno un asunto por razón de urxencia, que é a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017; debendo proceder o Pleno Corporativo en primeiro lugar a ratificar a inclusión deste punto na Orde do Día.

6.1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.

A Alcaldía da conta da proposta de ratificación da urxencia para incluír este punto na Orde do Día da sesión plenaria, que é a que de seguido se indica:

INCLUSIÓN DUN ASUNTO POR RAZÓN DE URXENCIA

Por medio do presente, e co obxectivo de que os membros do Pleno Corporativo, poidan ter o máximo tempo dispoñible para examinar o expediente, comunícolle que esta Alcaldía, someterá á decisión do Pleno Corporativo, a inclusión dun asunto por razón de urxencia: a aprobación da Conta Xeral do exercicio económico 2017.

A Comisión Especial de Contas, ditaminou favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2017, na sesión ordinaria que tivo lugar o 13.09.2018. O 14.09.2018 saíu publicado o anuncio de información pública, no BOP núm. 176. O dito prazo de información pública abrangue dende o 17.09.2018 até o día de hoxe, 02.10.2018. Pero, como o rexistro de entrada é electrónico, é preciso esperar até o día 03.10.2018, para comprobar se houbo algún tipo de alegación, suxerencia ou reclamación á Conta Xeral do exercicio 2017. Por este motivo, é imposible incluír este asunto na Orde do Día do Pleno.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Preza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981.82.04.94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Así, coa convocatoria da sesión plenaria, remítese o expediente administrativo da Conta Xeral 2017 até o día de hoxe, quedando pendente a emisión do certificado da presentación ou non de alegacións, suxerencias ou reclamacións.

Así, unha vez que conclúa o expediente, será incluído na Orde do Día do Pleno do 05.10.2018, se a Corporación así o decide. E todo isto, para posibilitar a rendición da Conta Xeral nos prazos marcados polo Consello de Contas.

Lousame, a 2 de outubro de 2018.

A Alcaldía

M^a Teresa Villaverde Pais

Así a Alcaldía somete a aprobación do Pleno Corporativo a ratificación da urxencia e a inclusión deste asunto na Orde do Día do Pleno Ordinario: aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos 6 concelleiros do GPM do PP, 3 concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e 1 concelleiro do GPM do BNG) e unha (1) abstención (emitida pola concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno Ordinario.

Finalizado o trámite anterior, a Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo:

<<Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral desta Entidade, correspondente ao exercicio económico do 2017, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O 03.09.2018 mediante Providencia de Alcaldía incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2017, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018

6



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: O 10.09.2018 a Secretaría-Intervención forma e informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Terceiro: O 10.09.2018 esta Alcaldía, mediante Resolución núm. 439/2018 do 10.09.2018 acorda a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento para aprobar a Conta Xeral 2017.

Cuarto: O 13.09.2018 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por seis votos a favor e unha abstención, e co quórum da maioría absoluta, informa favorablemente a Conta Xeral do 2017 ordenando a exposición pública da mesma.

Quinto: O 14.09.2018, no BOP núm. 176 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2017, outorgando un prazo de oito días hábiles a fin de que durante o dito prazo e catro días máis quen se considere interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente.

Sexto: O 03.10.2018 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2017 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2017, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017.

Segundo: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo>>

.....
A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos 6 concelleiros do GPM do PP e 3 concelleiros do GPM do PSdG-PSOE) e dúas (2)

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05/10/2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 62 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

abstencións (emitida polo concelleiro do GPM do BNG e concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral desta Entidade, correspondente ao exercicio económico do 2017, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O 03.09.2018 mediante Providencia de Alcaldía Incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2017, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

Segundo: O 10.09.2018 a Secretaría-Intervención forma e Informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Terceiro: O 10.09.2018 esta Alcaldía, mediante Resolución núm. 439/2018 do 10.09.2018 acorda a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento para aprobar a Conta Xeral 2017.

Cuarto: O 13.09.2018 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por seis votos a favor e unha abstención, e co quórum da maioría absoluta, informa favorablemente a Conta Xeral do 2017 ordenando a exposición pública da mesma.


Quinto: O 14.09.2018, no BOP núm. 176 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2017, outorgando un prazo de oito días hábiles a fin de que durante o dito prazo e catro días máis quen se considere Interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente.

Sexto: O 03.10.2018 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2017 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2017, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017.

Segundo: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo>>

6.2) MOCIÓN DO GPM DO PT: ACORDO CONTRA A AUTORIZACIÓN DUN FORNO CREMATORIO NO NÚCLEO DE PORTOBRAGO.

Dª Lucía Rodríguez Cao sinala que quere presentar unha moción por razón de urxencia.

A Alcaldesa coméntalle, que para poder votar a urxencia da mesma e a súa inclusión na Orde do Día, debe ler a proposta de acordo que se quere someter a aprobación do Pleno así como xustificar a urxencia da moción.

Dª Lucía Rodríguez Cao comeza a ler a moción.

A Alcaldesa interrómpea e indícalle que debe limitarse a ler a proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo e xustificar a urxencia da moción. No caso de non cumprimentar o procedemento establecido, advírteas de que lle terá que retirar a palabra.

Dª Lucía Rodríguez Cao pregunta se vai dicir o que se vai aprobar sen saber de que vai o asunto.

A Alcaldesa responde que no caso de que sexa aprobada a urxencia, lerá toda a moción, debatirase e procederase á súa votación.

Dª Lucía Rodríguez Cao procede a dar lectura da proposta de acordo que se presenta ante o Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Propõe-se ao plenario da corporación municipal de Lousame adotar os seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o compromiso da corporación municipal com o bem-estar e saúde das vizinhas e vizinhos de Lousame, rejeitando a instalación de un forno crematório no núcleo de Porto Bravo, por tratar-se de una actividade contaminante, molesta, insalubre e que implica emisións de fume, gases e cheiros potencialmente nocivos para a saúde das vizinhas e vizinhos e das usuárias e usuários dos servizos públicos.
2. Instar ao goberno municipal a que tome as medidas oportunas para que, à vista dos fundamentos jurídicos e técnicos que constam na exposición de motivos, se proceda a denegar a autorización para a instalación dun forno crematório no núcleo de Porto Bravo no momento procedimental oportuno.
3. Que se proceda a entregar no prazo de tres días hábiles a todos os grupos políticos da corporación cópia de todos os antecedentes administrativos que sobre a instalación do crematório e sobre o actual tanatorio de Porto Bravo obrem na administración municipal, incluíndo licenzas de obra e actividade, comunicacións previas, informes ou documentación relativa a subvencións recibidas, etc. Particularmente, entregar-se-à, no prazo estipulado ou assim que tenham entrada no registro, a memoria explicativa, declaración responsable, proxecto e documentación técnica, autorización ou declaración ambiental, e autorizacións e informes setoriais preceptivos, atendendo ao disposto no art. 24 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica da Galiza, e do art. 10.1 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria da Galiza.
4. Dar traslado do presente acordo à Conselleria de Sanidade e à súa Chefatura Territorial da Coruña a efectos de que informen a declaración responsable ou variación dos datos previamente declarados en relación à instalación do crematório de Porto Bravo; e simultaneamente solicitando cópia da documentación que tenha achegado ou achegue a mercantil à Conselleria, en virtude do art. 10.2 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria da Galiza, a fin de que dita documentación seja posta tamén a disposición do conxunto de grupos políticos da corporación.

Finalizada a lectura da proposta de acordo, a Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos 11 concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno Ordinario.

A Alcaldía indícalle à concelleira da GPM do PT que proceda a dar lectura á totalidade da moción, que é a que se seguido se recolle:

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROPOSTA DE ACORDO CONTRA A AUTORIZACIÓN DUM FORNO CREMATÓRIO NO NÚCLEO DE PORTO BRAVO

No mês de setembro de 2018 a empresa titular do tanatário situado no núcleo de Porto Bravo colocou na fachada do seu prédio o rótulo: "CREMATÓRIO" (agora retirado), anunciando assim o seu proxecto, mesmo, aparentemente, antes de contar con as autorizacións preceptivas para o inicio de tal actividade. A colocación do rótulo alertou á veciñanza da ameaza inminente de que esta actividade se realice no centro de Porto Bravo, a 30 metros de un centro de día para persoas idosas; a 40 metros do centro de saúde do municipio; a 65 metros da casa consistorial; a 90 metros da Casa da Cultura; a 100 metros do maior parque infantil do municipio e a menos de 100 metros das vivendas máis próximas. Segundo o PGOM de Lousame, a clasificación do solo no que se pretende instalar o crematorio é Solo de Núcleo Rural.

A cremación é unha actividade contaminante, molesta, insalubre que implica emisións de fume, gases e cheiros potencialmente nocivos para a saúde das veciñas e veciños. A *Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do ar e protección da atmosfera* define a actividade propia dun forno crematorio como "actividade contaminante", non sendo por tanto un uso permitido neste tipo de solo, pois a normativa prohibe implantar en Solo de Núcleo Rural actividades que poidan "supoñer perigo ou molestias para os veciños". Como actividade industrial molesta, insalubre e contaminante resulta incompatible con a clasificación do solo da parcela na que se pretende instalar o crematorio, criterio que confirma a jurisprudencia do Tribunal Supremo. Sirva de exemplo a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-administrativo) de 22 de setembro de 2011 (1217/2008), que deixa claro como "*Es evidente que la actividad de horno crematorio para la incineración de cadáveres humanos puede calificarse de molesta e insalubre*". A propia sentenza transcribe un informe técnico, tamén referido en sentenzas posteriores, que establece a necesidade de distanciar os crematorios dos núcleos habitados:

"...estimamos conveniente que los crematorios, en cuanto actividad de un horno incinerador con emisión a la atmósfera de sustancias contaminantes derivadas de la cremación de cadáveres, además de las propias de combustión, mantengan una distancia mínima con respecto a las viviendas (...) ... Las contaminantes atmosféricas emitidas en los procesos de cremación de cadáveres proceden, principalmente de tres fuentes: La combustión incompleta, la combustión, la volatilización de metales acumulados en el cuerpo humano (...) ... como resultado de la incineración se producen, entre otras, las siguientes sustancias tóxicas: monóxido de carbono, partículas sólidas, cloruro de hidrógeno, óxidos de nitrógeno, dióxidos de azufre, dioxinas, mercurio, cadmio y plomo".

A respecto da distancia mínima entre crematorios e vivendas, refírase a Sentenza 51/2016 do Juzgado do Contencioso-administrativo de Ourense de 4 de marzo de 2016, que indica:

"...ha de añadirse que de entre las tres actividades vinculadas al tratamiento de cadáveres humanos, como son las de tanatorio, cementerio y crematorio, la última de ellas conlleva un elemento diferencial, cualificado, por las molestias, especialmente penosas, que provoca a los habitantes más próximos. El crematorio causa 'alarma social' porque produce emisiones de humo, gases y olores, que además de resultar potencialmente nocivos para la salud, incluyen un componente subjetivo, muy desagradable para los residentes más cercanos, ante el riesgo de respirar aire procedente de la cremación de difuntos. Por esa razón numerosos ayuntamientos vienen exigiendo para la instalación de crematorios de cadáveres, una distancia mínima de 500 metros hasta las viviendas más cercanas, aplicando análogamente la

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Prza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 62 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

dispuesto en el artículo 50 del Decreto de 20 de julio de 1974 aprobatorio del Reglamento de Policía Sanitaria Mortuaria (...). ... Por esta razón han de resolverse en sentido restrictivo a dicha actividad las dudas que pudiesen surgir en la interpretación de la normativa aplicable, en especial en lo referente al régimen de distancias a las viviendas más cercanas."

Mentres que em municipios próximos se obriga às empresas promotoras de fornos crematórios a que estes se instalem em lugares afastados dos núcleos habitados, e preferentemente em solo industrial, seria incompreensível e inaceitável que em Lousame se pudesse facilitar a sua instauração no principal núcleo do município em termos de dotação de serviços e com uma importante população à volta. Tendo em conta os direitos de defesa e respeito dos direitos de participação e consentimento prévio, livre e informado que em matéria de projectos com afectação ambiental e à saúde lhes assistem às vizinhas e vizinhos,

Propõe-se ao plenário da corporação municipal de Lousame adotar os seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o compromisso da corporação municipal com o bem-estar e saúde das vizinhas e vizinhos de Lousame, rejeitando a instalação de um forno crematório no núcleo de Porto Bravo, por tratar-se de uma atividade contaminante, molesta, insalubre e que implica emissões de fume, gases e cheiros potencialmente nocivos para a saúde das vizinhas e vizinhos e das usuárias e usuários dos serviços públicos.
2. Instar ao governo municipal a que tome as medidas oportunas para que, à vista dos fundamentos jurídicos e técnicos que constam na exposição de motivos, se proceda a denegar a autorização para a instalação dum forno crematório no núcleo de Porto Bravo no momento procedimental oportuno.
3. Que se proceda a entregar no prazo de três dias hábeis a todos os grupos políticos da corporação cópia de todos os antecedentes administrativos que sobre a instalação do crematório e sobre o atual tanatório de Porto Bravo obrem na administração municipal, incluindo licenças de obra e atividade, comunicações prévias, informes ou documentação relativa a subvenções recebidas, etc. Particularmente, entregar-se-á, no prazo estipulado ou assim que tenham entrada no registro, a memória explicativa, declaração responsável, projecto e documentação técnica, autorização ou declaração ambiental, e autorizações e informes setoriais preceituados, atendendo ao disposto no art. 24 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de dezembro, do empreendimento e da competitividade económica da Galiza, e do art. 10.1 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuária da Galiza.
4. Dar traslado do presente acordo à Conselheria de Sanidade e à sua Chefatura Territorial da Coruña a efeitos de que informem a declaração responsável ou variação dos dados previamente declarados em relação à instalação do crematório de Porto Bravo; e simultaneamente solicitando cópia da documentação que tenha achegado ou achegue a mercantil à Conselheria, em virtude do art. 10.2 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuária da Galiza, a fim de que dita documentação seja posta também a disposição do conjunto de grupos políticos da corporação.

Em Porto Bravo, a 5 de outubro de 2018,
Lucía Rodríguez Cao
Concelheira e Portavoz do GPM do PT de Lousame

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Finalizada a lectura da moción, a Alcaldesa toma a palabra e sinala que en Lousame non hai licenza pedida por esa empresa máis que para pintar. Estivo ausente estes dous días por razóns persoais de saúde familiar; pero á vez preocupada por este asunto, porque houbo unha reunión solicitada polos veciños que non puido convocar precisamente por esa situación de saúde familiar. Quere deixar claro que non hai ningún proxecto presentado no Concello en relación cun crematorio. E isto sería o primeiro que habería que preguntar.

No Concello hai un Departamento de Urbanismo que é onde se presentan os proxectos que calquera persoa quere tramitar. Esta empresa mercou as instalacións e fixo unha comunicación previa para pintado e algunha remodelación considerada como obra menor. Tamén é coñecedora de que se achegaron ao Departamento de Urbanismo a preguntar cales serían os trámites para facer un crematorio. O Arquitecto Municipal remitiunos a Sanidade, pero no Concello non chegaron a presentar absolutamente nada.

Un día pola mañá chega un aviso ao Concello de que están colocadas unha letras na fachada. Se lles chama e achegouse unha das persoas desa empresa acompañada, cre, que polo seu representante legal. Dixeron que a retirarían inmediatamente, indicaron que non tiña nada tramitado e recoñeceron que foi unha imprudencia pola súa parte a colocación desas letras. Pero o Concello non pode nin emitir, nin denegar, nin dicir, nin traer ao Pleno nada porque nada hai presentado.

O procedemento para outorgar unha licenza é sempre o mesmo. Unha vez que se presente un proxecto, se revisará e se requirirá o que sexa preciso. Todas as licenzas teñen que axustarse á lexislación vixente.

Para evitar polémicas, e que non se diga que a Corporación non ten sensibilidade cos problemas veciñais, o GPM do PP votou a urxencia da moción. A pesares de que non hai absolutamente ningún proxecto presentado no Concello para instalar un crematorio. Realmente non había ningún motivo urxente para tratar a moción, posto que non hai ningún proxecto de crematorio. Pero non quere que isto vala de escusa para levantar medias verdades que son peores que grandes mentiras.

Anuncia que o GPM do PP vai votar en contra.... Pero non porque estean en contra, senón porque non hai nada presentado. Despois poderán dicir os titulares que o PP votou en contra. Non. Non hai ningún proxecto presentado a día de hoxe para instalar un forno crematorio en Lousame. E os invita, ao igual que outras veces ás que o GPM do PG non asistiu, a ter unha reunión co técnico de Urbanismo para que a informe persoalmente de se existe algún proxecto presentado nese sentido.

Antes de empezar o Pleno, debido a que non estivo estes dous días, chamouno para confirmar que efectivamente non existe ningún proxecto presentado sobre un forno crematorio. Indica que o Técnico Municipal lle comentou de que era coñecedor de que nalgúns marquesiñas colocaron anuncios do forno crematorio. Na conversa que se mantivo con representantes desta empresa no Concello o propio Técnico preguntoulle

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05/10/2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

como se lles ocorría colocar un cartel e anuncios se nin tan sequera ter ningún proxecto presentado no Concello.

No momento no que entre esa solicitude de licenza, como con todas, collerase a Lei do Solo.... Porque igual este tema non da para moitas algaradas.... Pero o procedemento sempre é o mesmo e hai que seguilo. Non vale que alguén diga que a Sra. Rosa quere facer unha casa e que a Alcaldesa xa lla vai a denegar antes de presentar a licenza. Non é así. Un cidadá presenta unha licenza, o técnico examina a súa solicitude, se hai algo incorrecta se lle fan os requirimentos oportunos; se o cidadán cumprimenta todos os requirimentos e respecta a lexislación.... entón obrigatoriamente, hai que darlle a licenza. E se non se lle da a licenza, cumprindo a solicitude con toda a normativa, entón sería prevaricación. Se resulta que a licenza non cumpre, e non está de acordo co PXOM, coa Lei do Solo, non hai nada que discutir. Xa o propio técnico de Urbanismo informará que non procede a concesión da licenza. Non o di a Alcaldía, nin a Corporación. Xa non chega o expediente a Xunta de Goberno para dicir se hai licenza ou non.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE, D. Julio M. D. Paradela Busto, sinala que van votar en contra da moción pola sinxela razón de que non hai ningún proxecto presentado sobre o forno crematorio. Pero a súa alamara tamén veu cando observou as letras, borran a palabra tanatorio, sacan as letras e volven a pintar tanatorio... Ao fío desta moción, gustaríalle saber se con referencia a este tanatorio houbo un cambio de titularidade.

A Alcaldía dille ao Sr. Paradela Busto que ese é outro tema.

O Sr. Paradela Busto considera que ven ao caso, porque Pompas Fúnebres SL, pon na publicidade Tanatorio de Lousame. Ademais sacan unhas letras e quedan outras porque ve que poñen Columbario.

A Alcaldesa volve insistir en que non hai nada presentado, salvo unha comunicación previa sobre pintado, e pequenas obras non susceptibles de presentación dun proxecto de obra maior. Coincide en que a colocación das letras son totalmente improcedentes, e que se lles chamou tan pronto o Concello tivo coñecemento da súa colocación. E logo o Arquitecto Municipal foi coñecedor polos veciños de que había publicidade polas marquesiñas.


O Sr. Paradela Busto engade que é lóxico que a xente pensara que había un proxecto presentado.

Dª Lucía Rodríguez Cao dille á Alcaldesa que quere intervir.

A Alcaldesa pregúntalle ao Sr. Turnes Núñez se quere intervir, sinalando este último que non.

Dª Lucía Rodríguez Cao dille de novo á Alcaldesa que quere intervir.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa indícalle que ela xa interviu, propoñendo a súa moción, e dando os seus argumentos para aprobala, posteriormente interviu ela expoñendo a súa opinión e o sentido do seu voto, logo o voceiro do PSdG-PSOE e posteriormente se lle deu a palabra a o GPM do BNG. E agora o que procede é votar a moción.

D^a Lucía Rodríguez Cao pregunta se non pode aclarar nada.

A Alcaldesa sinala que está todo clarísimo.

D^a Lucía Rodríguez Cao quere intervir por alusións, xa que a Alcaldesa antes de darlle a palabra ao voceiro do PSdG-PSOE, fixo referencia a ela.

A Alcaldesa simplemente quería dicir se de toda a súa exposición había algo que aclarar.

D^a Lucía Rodríguez Cao entende que quedan moitas cousas por aclarar.

A Alcaldesa entende que non. E que non hai ningún proxecto presentado sobre este asunto. E polo tanto non hai absolutamente nada que aclarar.

D^a Lucía Rodríguez Cao di que esa é a versión da Alcaldesa. Ela di que si hai cousas que aclarar.

A Alcaldesa di que non se trata da versión da Alcaldesa. Aquí hai un Rexistro Xeral onde constan os proxectos. Estamos nunha Administración seria e responsable. E aquí non hai ningún proxecto de obra maior presentado para facer un crematorio. E cando os proxectos entran non van á Alcaldía. Van ao Departamento de Urbanismo, onde hai un técnico que os analiza e no caso de que teñan que emitir informes outras Administracións os remite a onde sexa en función do proxecto presentado. Se espera a que as outras Administracións respondan, o técnico analiza a Lei do Solo e o PXOM, e no caso de axustarse, a licenza hai que dala. E no caso de non axustarse de denega.

A imprudencia foi da empresa en colocar unhas letras que non sabe a que viñan. Se lles ordenou retiralas e o fixeron de inmediato.

De seguido, a Alcaldía somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dous (2) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PT e GPM do BNG) e nove (9) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a moción presentada polo GPM do PT relativa á adopción dun acordo contra a autorización dun forno crematorio no núcleo de Portobravo.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6.3) MOCIÓN DO GPM DO PT SOBRE EXPLICACIÓNS DO TÉCNICO DE URBANISMO.

Dª Lucía Rodríguez Cao sinala que quere presentar outra moción por razón de urxencia.

A Alcaldesa coméntalle, que para poder votar a urxencia da mesma e a súa inclusión na Orde do Día, debe ler a proposta de acordo que se quere someter a aprobación do Pleno así como xustificar a urxencia da moción.

Dª Lucía Rodríguez Cao comeza a ler proposta de acordo, que é no seguinte sentido:

.....

<<ACÓRDASE:

Primeiro: Que o Técnico en Urbanismo de explicacións de por que.....

.....

A Alcaldía interrompe a lectura da concelleira do GPM do PT para sinalar que o que a concelleira está facendo é un rogo ou petición, non é unha moción.

Dª Lucía Rodríguez Cao entende que si é unha moción, na que o Pleno acorda que o Técnico en Urbanismo dea explicacións. Pregunta se non as ten que dar.

A Alcaldía di que non. Claramente a concelleira do GPM do PT está facendo un rogo ou unha solicitude; e o lugar axeitado é facelo no punto de rogos e preguntas, que para isto está na Orde do Día.

Dª Lucía Rodríguez Cao di que entón plantexará esta cuestión no punto de Rogos e Preguntas.

A Alcaldía entende que é o máis correcto.

6.4) MOCIÓN DO GPM DO PT PARA A TRANSPARENCIA SOBRE O CASO DE DESFALCO DE LOUSAME.

Dª Lucía Rodríguez Cao comeza a ler proposta de acordo, que é no seguinte sentido:

.....

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<Existe un procedemento xudicial no Xulgado de Noia polo Penal motivado polo maior desfalco coñecido na historia deste Concello, 368.923 €.

PROPOSTAS DE ACORDO:

Primeiro: Sendo parte denunciante neste xuízo a Corporación Municipal do Concello de Lousame ínstase á Xunta de Goberno a que solicite copia íntegra, actualizada do expediente xudicial e o poña a disposición dos integrantes do Pleno antes do comezo do xuízo en cumprimento do principio de transparencia e bo goberno

Segundo: Que o Letrado que leva a acusación do Concello compareza nunha Comisión Informativa antes do inicio do xuízo, para dar conta do proceso e do traballo que fixo nos últimos anos, por conta de todos e todas nós>>

Rematada a lectura da moción, a Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE, GPM do PT e GPM do BNG) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a urxencia da moción presentada polo GPM do PT relativa á transparencia sobre o caso de desfalco de Lousame, nin por tanto, a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

A Alcaldía quere xustificar o voto negativo do seu GPM á aprobación da urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día. Explica que este asunto é público. O Tribunal de Contas manifestouse no seu momento e hai un ditame público onde constan todos os datos e de quen foi declarado o único culpable.

Agradece á concelleira do GPM do PT que sacase este tema a colación e na parte de rogos e preguntas explicará pormenorizadamente este asunto aproveitando que hai público no Salón de Plenos.

7) ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar na parte dos rogos a Alcaldesa quere comentar o asunto ao que se referiu a concelleira do GPM do PT na súa última moción de urxencia.

Por todos é coñecido que no 2012, o 20 de setembro, M^a Teresa Villaverde Pais toma posesión da Alcaldía do Concello de Lousame. E non foi a Corporación a que o fizo

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2016





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ningunha denuncia. Foi esta Alcaldesa a que foi á Fiscalía, acompañada da Secretaria-Interventora, a presentar ela mesma a denuncia deste tema. Previamente a persoa que estaba na Alcaldía encargara unha auditoría económica por cuestións que se observaban... que incluso a persoa que ostentaba o posto de Secretaría-Intervención, cando se lle alertou das sospeitas, dicía que non era posible esa situación. Xa antes de tomar posesión collera este expediente de man, con grande responsabilidade. Fóronse recompilando datos coa axuda da Secretaria-Interventora, e así consta na súa declaración ante a Fiscalía. E así consta como foi ela quen presentou a denuncia ante a Fiscalía de Santiago de Compostela.

Anuncia que vai convocar unha reunión para explicar publicamente este procedemento xudicial, para que vostedes non poidan manipulalo e facer panfletos que repartiron polas casas, acompañados incluso dunha persoa maior con problemas de saúde. Repartiron papeis que daban pé a presentar unha denuncia persoal contra esas persoas. Acórdase perfectamente, xa que ten gardados eses panfletos, para cando sexa maior poder recordar quen é cada quen.


Pode ser que a alguén lle faga graza. Ela emociónase porque lle doe. Porque as persoas que descubriron o que pasaba non son as culpables de facer ese feito. Sufrírono e agora teñen que estar padecendo a carencia de persoal nas oficinas xerais por toda esta situación. E a Lei por riba nos di que hai que pagarlle o salario mínimo até que saia a sentenza definitiva que diga que é culpable. E durante moito tempo estivo escoitando polos bares e polos lugares públicos cousas en relación a este asunto por culpa de alguén que fixo algo que non tiña que facer, e que recoñeceu ademais e así o asinou, ser o único culpable. E no Tribunal de Contas foi declarado o único responsable contable. Se o GPM do PT non se interesou por iso foi porque non quixeron, xa que é público e saíu en todos os medios.

Á xente hai que dicirlles a verdade. Non por tratar de sacar un rédito político estar inxuriando e dicindo que é un desfalcador o Alcalde e desfalcadora a Alcaldesa, como se dixo nalgúns panfletos. Mentira. Iso é unha mentira. É unha inxuria e unha calumnia que merece motivo de denuncia. E o repartiron vostedes polas parroquias. E iso vai volver a pasar e ela xa o esperaba. Por iso, aproveitando que hai público no Salón de Plenos quere facer estas aclaracións. ¿Tardou moito tempo en convocarse o xuízo? Para eles moitísimo tempo. Porque dende o 2012 até o 2018, van moitos anos. Anuncia que a data do xuízo será o 13 de novembro. Hoxe mesmo baixou do Hospital para recoller a citación xudicial no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Noia. Soubo hoxe que a citación é para o día 13 de novembro. Houbo dúas citacións: a Alcaldesa e a persoa que leva a Contabilidade. E van as dúas en calidade de testemuñas. E alí estarán con moito gusto de que isto por fin se acabe. A persoa denunciada será xulgada e haberá que acatar o que diga a Xustiza.

Tamén quere aclarar que o Concello reclamou unha cantidade, pero logo recoñeceu que outra como definitiva é un pouquiño menos que a inicialmente reclamada. A persoa denunciada xa reintegrou ao inicio 134.000 € e o resto o debe. E unha vez finalizado o

18

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

xuízo, no caso de que sexa culpable teríamos que solicitarlle o reintegro das cantidades que se lle abonaron durante todo este tempo que durou o procedemento. E no caso de que saia inocente, pagarlle a parte que falta para completarlle a nómina. Polo tanto non é tan sinxelo. Pode ser complexo para os que están no Salón ou escoitarán a Pleno a través da gravación. Pero invítaos a vir ao Concello a preguntar ou ver o que consideren pertinente.

Di que non hai ningún inconveniente en que o avogado compareza a explicar o proceso, porque ademais o faría con toda calidade de detalles. Pero insiste en que se calquera persoa da cidadanía quere coñecer detalles pode achegarse sen ningún problema ao Concello.

Agora ben, todos os concelleiros de todos os grupos están perfectamente informados, porque entregou a documentación nas Comisións de Seguimento e Control.... O que sucede é que hai GPM que non van ás Comisións. Recorda perfectamente a documentación que lles entregou ao GPM do PSdG-PSOE e BNG, indicándolle cal era aínda confidencial e non podía facerse pública e aquela que xa era pública, etcétera. Falta só o de hoxe, porque hoxe mesmo foi cando se recolleu a adxudicación.

Con respecto a este tema esta é a postura. Pide perdón polo ton empregado pero cando unha cousa doe polo obxectivo dalgunhas persoas que fan solicitudes no Pleno.... En relación a este asunto, total transparencia.

De seguido pídlle ao GPM do PSdG-PSOE que proceda a formular os rogos e preguntas.

D. Julio M. D. Paradela Busto, voceiro do GPM do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

- 1 Quere empezar a preguntar polo Tanatorio. Cando se construíu a empresa pediu unha subvención da Comunidade Europea. Ten entendido que este tipo de subvencións obriga a ter un mínimo de tempo a titularidade. Cre que foi no 2014 cando se dou.

Alcaldesa: Cre que ese prazo vencía este ano, no 2018. Non sabe en que mes. Pero esta é unha cuestión que non depende do Concello de Lousame senón do organismo que concedeu a subvención.

O Sr. Paradela Busto pregunta se a empresa non ten que notificar ao Concello o cambio de titularidade.

Alcaldesa: Ten que solicitar o cambio de titularidade.

O Sr. Paradela Busto di que a compra é pública e notoria dende o ano pasado.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 06/10/2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: O Concello de Lousame non entra en cuestións de compras entre particulares. Ela é coñecedora de que se pediu un cambio de titularidade. E imos supoñer que o Sr. Paradela Busto teña razón. Que houbera un cambio de titularidade antes do tempo que marcaba a subvención. O Concello non pode facer nada. O cambio de titularidade haino que dar igual porque hai unha licenza que non cambia, a licenza afecta á actividade, independentemente de quen sexa o titular. Imaxinemos que a empresa incumpre a obriga de manter a titularidade da actividade durante o tempo que lle marcaba a subvención.... o Concello non ten nada que ver aí. É unha competencia do organismo que deu a subvención a de controlar esa cuestión e poñer as sancións que sexan pertinentes.

O Sr. Paradela Busto di que retiraron as letras pero non todas. Debaixo había unhas letras que poñían columbario e que antes non existían.

Alcaldesa: Descoñece ese asunto. O que si sabe é que non teñen ningunha licenza. Como se poñen unha diagonal na fachada que diga que teñen unha industria ferroviaria. O importante é que non teñen licenza para iso.

O Sr. Paradela Busto di que o columbario é un conxunto de nichos onde se gardan as cinzas. Sinala que as letras aínda están postas.

- 2 O Sr. Paradela Busto di que nos informes que acompañan á Conta Xeral hai uns reparos da Secretaria-Interventora relativos ao exercicio 2017. E ademais hai un informe da Alcaldía. Nese informe fai referencia á sucesión de contratos menores... e engade que moitos deles son anteriores á que a Alcaldesa tomase posesión. Pregunta se entón se leva 6 anos con reparos sen facer nada.


Alcaldesa: Pídelle ao Sr. Paradela que manifeste todo o que di o informe, non só esa parte. Nese informe, aparte de sinalar esa cuestión, tamén se di que o Concello comezou a regularizar a situación e a licitar aqueles contratos de maior contía económica. E o Sr. Paradela o sabe. O Concello de Lousame é dos poucos Concellos da comarca que ten licitado o subministro de enerxía eléctrica, o servizo SAF-Dependencia, e agora vaise sacar o segundo contrato do SAF-Dependencia....

Licitouse tamén a Escola de Música e moitos contratos máis. Todos eses reparos refírense a contratos de pequena contía económica... pero que ao ser unha necesidade permanente teñen que ser licitados, aínda que supoñan ao ano 300 €. A Alcaldesa fai providencias de Alcaldía ordenando que se tramiten os expedientes de contratación.... Pero é materialmente imposible cos medios persoais que ten o Concello de Lousame. E outros Concellos moitos máis dotados de persoal, aínda licitan menos que o Concello de Lousame. Polo tanto hai que felicitar aos traballadores de Lousame pola súa dilixencia.

Quere salientar a cantidade de traballo que lle veu enriba aos Concellos con esta nova Lei de Contratos. En relación aos reparos.... realmente son moi poucos, porque moitos deles son repetitivos, sempre referidos ás mesmas facturas. E están motivados por esta situación: pequenos contratos cunha contía económica escasa, pero que ao ser

20

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 62 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

duradeiros no tempo a Lei de Contratos obriga a licitalos. E se non se licitan é porque os traballadores non son capaces de facelo, non porque non se queira facer. Agora dos importantes está pendente a segunda contratación do SAF-Dependencia, que está practicamente listo, e o de limpeza. E os demais, xa pequenos, iranse sacando á medida que os nosos recursos o permitan.

Outro que está pendente é o de telefonía. E é complicadísimo de sacar. Porque o máis complexo é facer os pregos técnicos para as licitacións. Porque é imposible que no Concello haxa expertos en todas as materias. O que nos leva a ter que contratar a unha enxeñería externa.

- 3 O Sr. Paradela Busto gustaríalle saber que gasto supón para o Concello a adhesión ao proxecto *Doing Business*

Alcaldesa: Nada. Todos os Concellos se adheriron.

O Sr. Paradela Busto di que el só pregunta polo Concello de Lousame.

Alcaldesa: A FEGAMP foi a precursora, a que mandou os modelos de adhesión. Así que pode preguntarlle ao Presidente da FEGAMP en que consiste o proxecto Doing Business. Os Concellos comprométese a introducir bonificacións nas súas ordenanzas para favorecer a implantación de empresas. Pero o Decreto simplemente é de adhesión: adherirse a ese proxecto. As modificacións que haxa que facer seguirán a súa propia tramitación.

O Sr. Paradela Busto espera que haxa máis sorte e que se poidan instalar máis empresas que as que se instalaron até o de agora.

Alcaldesa: Noutra ocasión podemos falar desta cuestión. Xa que agora hai xente interesada.

O Sr. Paradela Busto di que pode haber xente interesada, pero non hai solo industrial para que se poidan instalar.

Alcaldesa: Insiste en facer unha reunión informativa sobre este tema. Xa que pode afectar tanto a Tállara como a San Xusto.

- 4 O Sr. Paradela Busto quería solicitar que se deixase de xudicializar asuntos. Refírese a FCC SA. Veu un Decreto onde se nomea un avogado e procurador nun recurso que presenta FCC SA. Por un lado perdemos uns ingresos e por outro lado, gastamos cartos en xuízos.

Alcaldesa: Pídelle que se explique ben, porque non sabe de que está a falar o Sr. Paradela Busto.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05/10/2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto refírese ao Decreto 365, relativo ao Procedemento Abreviado 160/2017, onde é reclamante FCC SA.

Alcaldesa: Aquí hai un asunto que está no xulgado. Pero non por culpa do Concello, senón que o demandante é FCC SA contra o Concello. O Concello lle liquida a FCC SA, igual que a todos os veciños a taxa polo lixo, segundo o número de traballadores. Como aos responsables da empresa lles parece excesiva esa cantidade recorren de cada vez que se lles liquida. E gañamos de cada vez que recorren. Sen embargo o ano pasado, por vez primeira, gañaron en primeira instancia. O Concello recorreu ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e alí volveron dar a razón ao Concello. Agora veu unha nova sentenza, que está perfectamente explicado e é moi exemplar e lles di que a razón é do Concello, que teñen que ingresar eses cargos e que ademais non poden volver a impugnar por ese motivo. Como recorreron esta última sentenza, ese decreto é para nomear avogado e procurador para persoarnos e defender a postura do Concello. Quere incidir na idea de que o Concello de Lousame non quere xudicializar nada. Pero Lousame tense que defender e defender aos seus veciños. E se alguén non quere pagar o que lle corresponde, eses cartos son dos veciños e o Concello ten que defender a súa postura.

No outro caso.... Tampouco o Concello abriu ningunha fronte. O Concello detectou que faltaban uns ingresos, e no momento que se detectaron se puxo en coñecemento da Fiscalía. Se non fixésemos isto o Concello sería cómplice desa situación. Polo tanto, o Concello non xudicializa nada.

5 O Sr. Paradela Busto refírese ao Decreto 379 que fala da selección dun tractorista polo período dun mes. Logo no Decreto 385 fala dunha contratación por tres meses.

Alcaldesa: Hai un erro no primeiro decreto. A contratación foi por tres meses. E así está na convocatoria e nas bases.

O Sr. Martínez Rial indica que no propio Decreto 379 tamén se di que é por un período de tres meses, pero que na táboa hai un erro e indícase 1 mes. Sen embargo no propio decreto, máis abaixo, indica que a contratación é por tres meses.

6 O Sr. Paradela Busto refírese o Decreto 450 fala dun expediente de investigación de bens, onde se acorda converter o procedemento de recuperación do ben nun de investigación.

Alcaldesa: Antes de nada quere pedir desculpas porque este decreto redactouse no idioma castelán, cando debía ser feito en galego. Analizada esta cuestión polos servizos xurídicos que están levando esta cuestión (xa que son temas complexos e difíciles de dirimir) iniciamos un expediente de adquisición do ben. Notificada a outra parte, e examinada a documentación do expediente presentaron un novo estudo pericial que poñería en tela de xuízo o estudo topográfico que encargou o Concello de oficio. Entón ante as dúbidas que xurdiron é máis conveniente converter o expediente nun de

22

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

investigación para tentar determinar quen é o titular dos terreos. Unha vez examinada toda a documentación, se todo está claro, o Pleno poderá pronunciarse. E se non está claro, terán que ser os tribunais os que se pronuncien.

- 7 O Sr. Paradela Busto sinala que na estrada que se arranxou en Fontefría xa hai unhas fochancas de considerables dimensións. Pregunta se é para empezar co colector de saneamento.

Alcaldesa: Non, porque o colector non vai aí. Agora estase con Saneamento de Servia.

- 8 O Sr. Paradela Busto di que en Burzó hai unha fonte, e hai unha finca chea de maleza. Pregunta se ese propietario está notificado para que proceda á limpeza. Pregunta cantas notificacións se levan enviado desde o Concello por este asunto.

Alcaldesa: Si. O Concello enviou moitísimas notificacións.

O Sr. Paradela Busto pregunta se o Concello tamén está limpando as súas propiedades.

Alcaldesa: Si. Todas as que nos da tempo, unha tras outra. Nalgunhas zonas incluso temos que cortar algunha madeira, aínda que é moi pouca cantidade. Como o prezo no mercado é mínimo (xa que no caso contrario habería que facer unha poxa) estamos pensando en reservalo para que os Servizos Sociais lla poidan entregar a familias necesitadas.

- 9 O Sr. Paradela Busto pregunta que é o que están facendo os obreiros en Servia.


Alcaldesa: Alí os veciños teñen un sitio de reunión, onde fan os ensaios, etcétera. A colaboración do Concello consiste en axudarlles a levantar esa parede e logo eles que continúen.

O Sr. Paradela Busto considera que sae cara a parede, xa que polo que el viu son tres días....

- 10 O Sr. Paradela Busto indica que os veciños nalgúns lugares estanse queixando da frecuencia da recollida do lixo. Hai xente que antes de sacar o lixo para os colectores cheos o deixa na súa casa. A ver se tomamos nota.

Alcaldesa: Non lle estraña. Comenta que ten que tomar nota é a Mancomunidade y FCC SA. A Mancomunidade, da que forma parte o Concello de Lousame, tivo que facer fronte á compra duns camións que a empresa non quere utilizar, que os ten na Planta sen usar. Primeiro dixo que lles faltaban certas cousas... Se lles puxeron. E seguen sen usalos. O Concello ten as fotos gardadas, e fai a reclamación de cada vez... E agora todos os Concellos están moi enfadados. Pero cando se asinan compromisos como o de renovar a flota de camións... a empresa sempre se ampara nisto.... e di que ten que ter seis en vez

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

de tres... Ela ten a súa opinión e actuou en consecuencia cando lle tocou.... Non ten nada máis que dicir... Farán as reclamacións oportunas... E en cada reunión da Mancomunidade xa fai as manifestacións que o Sr. Paradela Busto xa coñece.

11 O Sr. Paradela Busto quere saber se o Catastro ao regularizar un inmovible, tamén regulariza a licenza de primeira ocupación.

Alcaldesa: Sinala que son cousas diferentes. O Catastro depende de Facenda, a licenza de primeira ocupación do Concello. Non entende a pregunta.

O Sr. Paradela Busto sinala que houbo un veciño ao que o Concello lle quixo cobrar a licenza de primeira ocupación. O veciño recorreu porque xa pagara a regularización do catastro. Se supón que si Catastro cobra un recibo xa está habitando nela.

Alcaldesa: Son dúas cousas absolutamente distintas. Unha vez que se remata a construción e se conectan os servizos, antes de ir a vivir para a casa, solicítase a licenza de primeira ocupación. O técnico pasa a ver a obra, ve se está rematada, se cumpre e lle da a licenza de primeira ocupación. E o Concello liquida unha taxa por concesión de licenza de primeira ocupación. Esta é a parte que lle corresponde ao Concello. A outra parte é do Ministerio de Facenda, a través do Catastro. Os inspectores pasan, ven edificacións construídas que supoñen un aumento de valor co que había antes e regularizan o valor catastral do edificado. E sobre iso se cobra o IBI. Pero non ten nada que ver unha cousa con outra. Dígalle ao veciño que veña ao Concello para explicarlle ben esta circunstancia.

12 Gustaríalle saber para cando se vai facer unha Relación de Postos de Traballo.

Alcaldesa: O Concello de Lousame non ten convenio colectivo. O día 1 tomou posesión a Secretaria-Interventora. Cando unha persoa está acumulada se fai o urxente e se deixa o importante. A secretaria-interventora vai comezar por revisar o Convenio Colectivo, que xa está feito. Ela xa se reuniu cos traballadores e cos representantes sindicais. Nese propio Convenio se recolle un prazo para facer a RPT, non recorda de se dous ou tres anos, despois da sinatura do Convenio. Coa sinatura deste convenio vanse poder pagar os trienios ao persoal laboral temporal. Unha vez creadas as prazas na RPT, hai que sacalas a convocatoria pública, con libre concorrência, e quen non supere o exame irá para a súa casa.


D^a. Lucía Rodríguez Cao, voceira do GPM do PT formula os seguintes rogos e preguntas:

1 Pregunta en base a que norma se lle mandou retirar o cartel de crematorio.

Alcaldesa: Ela veu que alí poñía crematorio e como Alcaldesa sabe que non hai ningunha licenza para un crematorio. O primeiro que fixo foi visitar o lugar e ver que tipo de obras

24

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

estaban facendo e observou que estaban pintando e corrixindo faltas de humidade. A continuación chama á persoa que coñece que é de Lousame. Acércase ao Concello acompañado dun técnico xurídico da súa empresa. Pregúntalle por que colocaron o cartel de crematorio. Esta persoa di que o puxeron pero que están pensando, que xa foron a preguntar a Sanidade, que teñen que ver se fan o proxecto.... Entón indicoulles que se non hai ningún proxecto, se non hai nada, que non confundan ao persoal e que retiren esas letras. E inmediatamente así o fixeron. Xa que se trata dunha publicidade enganosa. Ademais para exercer esa actividade terían que ter licenza, que non a teñen. Por todo isto fora letras do crematorio, xa que non o hai.

A Sra. Rodríguez Cao pregunta se non hai un regulamento que ampare retirar esas letras.

Alcaldesa: O regulamento é a obtención da licenza para realizar un crematorio.

A Sra. Rodríguez Cao pregunta se a empresa pinta alí calquera outra cousa... se é posible mandarllo retirar e en virtude de que norma.

Alcaldesa: A Sra. Rodríguez Cao pode marear o que considere conveniente. Non hai crematorio porque non hai ningún proxecto presentado, ni ningunha licenza concedida.

A Sra. Rodríguez Cao insiste se hai algunha norma que lle obrigue a sacar as letras que retirou.

Alcaldesa: Ela non obrigou absolutamente a ningún. Tan pronto tivo a conversación co responsable da empresa e o seu representante xurídico, o entenderon perfectamente e voluntariamente retiraron as letras de crematorio. Se eles non protestan.... Por que protesta a Sra. Rodríguez Cao?

A Sra. Rodríguez Cao protesta porque non entende por que a Alcaldesa manda retirar unhas letras se non hai un regulamento que ampare esta actuación.

Alcaldesa: Ela o que lles dixo é que se querían instalar un crematorio terían que presentar o proxecto e solicitar a correspondente licenza. A xente non pode anunciar un negocio se non o hai. No caso de que o representante da empresa se negase a retirar as letras de crematorio, ela tería que recorrer a unha normativa que lle obrigase á empresa a retirar as letras. Pero a Alcaldesa non acudiu a ningún regulamento. Ela chamou ao responsable da empresa e no momento que tiveron a conversa, voluntariamente, retiraron o anuncio de crematorio.

A Sra. Rodríguez Cao indica que a Alcaldesa sinalou que se o representante da empresa se negaba a retirar as letras a Alcaldesa tería que acudir a un regulamento. Pois pídlle que diga cal é ese regulamento.

Alcaldesa: Non quere entablar un diálogo e vai ser a última vez que lle conteste a este asunto. Ela como Alcaldesa se ve un cartel que anuncia que hai un crematorio ten a

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2015





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

obriga de saber o que está acontecendo alí, sabendo que no Concello non hai ningún proxecto presentado para facer un crematorio. Se non hai ningún crematorio non pode colocarse unha publicidade enganosa para os veciños. Como vai permitir iso o Concello? A Sra. Rodríguez Cao rapidamente actuou dende un punto de vista político ao ver esas letras... Vostede pensou que había unha licenza, que había un proxecto.... E por iso presentou a moción... E ela como Alcaldesa ten que evitar que a Sra. Rodríguez Cao pense que hai unha licenza, que hai un crematorio, e que o veciños pensen o mesmo.

A Sra. Rodríguez Cao di que quen está enganando é a Alcaldesa, cando non quere dicir cal é ese regulamento. Cal é o regulamento que obrigaría a retirar a letras no caso de que o empresario se negase?

Alcaldesa: Dille á Sra. Rodríguez Cao que faga a pregunta por escrito e lle responderan os xurídicos. Ela como Alcaldesa dille que aínda que non haxa ningún regulamento se ela é coñecedora de que unha persoa anuncia unha actividade sen ter licenza para exercela o seu deber é chamala e dicirlle que retire esas letras. Se finalmente se nega a retiralas... Pois entraríamos noutros litixios. No noso caso, a empresa cando se lle pediu que retirasen as letras recoñeceron que o Concello tiña toda a razón, que nin tan sequera tiñan proxecto, e que polo tanto ían retirar as letras de crematorio.

A Sra. Rodríguez Cao di que segue sen saber cal é ese regulamento.

Alcaldesa: Presente a pregunta por escrito. Se o hai se lle dirá. E no caso de non habelo ela como Alcaldesa faría a mesma petición. Porque está informando mal aos veciños. E dicindo que hai unha instalación para a cal non ten licenza, que é unha competencia municipal.

- 2 Como vai saber a veciñanza cando se presenta o proxecto? Porque se colocaron unhas letras e gastaron os cartos nas letras será porque a súa intención é facer un crematorio...

Alcaldesa: Cando ao Concello chega unha licenza dunha casa ou dun negocio, o Concello non fai pública esa petición. Primeiro entra un proxecto por rexistro de entrada en vai ao Departamento de Urbanismo. Se todos os informes que hai que emitir son favorables, ese expediente chega a Xunta de Goberno Local para a concesión da licenza. E se todos os informes son favorables a Xunta de Goberno Local está obrigada a dar a licenza. Se non é legal, non se vai dar. Como sempre pasa. E con total transparencia.

A Sra. Rodríguez Cao pregunta se non se vai avisar aos veciños.

Alcaldesa: Pregúntalle á Sra. Rodríguez Cao se cada vez que entre unha solicitude por rexistro de entrada teñen que avisar aos veciños. Se ten que ir de casa en casa avisando aos veciños ou poñer un Bando de que tal empresa pediu unha licenza...

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018

26





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Sra. Rodríguez Cao di que a lexislación obriga a informar dos proxectos que se refiren a actividades molestas e insalubres.

Alcaldesa: Di que esa terminoloxía de molesta e insalubre xa non é correcta. Molestas e insalubres tamén son as peluquerías.... Hai un catálogo de actividades que non se inventa a Alcaldesa que por diferentes circunstancias están incluídas nese Catálogo. Segundo sexan as actividades se piden informes ás Administracións oportunas: Medio Ambiente, etcétera. E cando emiten o informe incorpórase ao expediente. E así en cada licenza.

- 3 A Sra. Rodríguez Cao di que o Concello é sabedor, pola moción que xa presentou relativa ao crematorio, que aínda que o informe sexa favorable para a concesión da licenza, non se extingue a responsabilidade dos membros da Xunta de Goberno Local.

Alcaldesa: Sábeno perfectamente.

A Sra. Rodríguez Cao quere que quede constancia que hai unha lexislación que faría nula de pleno dereito a concesión dunha licenza de crematorio en Portobravo.

Alcaldesa: Insiste en que as persoas que van a eses órganos colexiados, e así llo dixo ao compañeiro da Sra. Rodríguez Cao no seu último pleno, teñen unha responsabilidade grandísima.

- 4 A Sra. Rodríguez Cao di que pola aplicación do Convenio de Aarhus ten que haber un trámite de aceptación social cando se trata de proxectos que sexan contaminantes. Quere traer isto a colación porque ela preguntou á Alcaldesa cando ía informar aos veciños da presentación deste proxecto. E polo que ela entendeu non se vai informar de nada. É preciso estar todos os días preguntándolle ao técnico de Urbanismo se está o proxecto presentado?

Alcaldesa: Vostede e calquera veciño pode acceder ao Concello a preguntar por calquera expediente que sexa accesible. Vostede sabe perfectamente que a concesión das licenzas é regrada. Independentemente de quen sexa o Alcalde. Se non os cidadáns estarían indefensos ante calquera persoa que nos gobernase en cada momento. A Alcaldesa insiste en que hai que seguir o procedemento establecido e que se está a falar de algo que a día de hoxe non existe. Se vai a Sanidade e cumpre, se vai a Medio Ambiente e cumpre, se vai a Urbanismo e cumpre.... A ver quen se nega a dar unha licenza se cumpre toda a normativa... Ben, isto se fixo nalgúns Concellos. O solicitante recorreu e agora hai que dar marcha atrás a todo e á empresa indemnizala co lucro cesante, que é aquilo que perdeu de gañar a empresa por denegarlle un permiso que lle correspondía. Como Alcaldesa diríalle aos veciños que tranquilidade porque non hai nada presentado. No momento no que se presente o proxecto o Arquitecto vai facer o seu traballo. Se cumpre, ela coñece ás persoas que están aquí presentes e que poden ter sensibilidade neste tema. E informaralles persoalmente desta circunstancia. E tamén lle informará se non cumpre. E cando se mande o proxecto a informes sectoriais tamén lle dará información do que din eses informes sectoriais. Agora ben... no caso de cumpri-la ela non vai facer nada que a Lei non lle permita facer.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05 de Maio de 2015





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 5 A Sra. Rodríguez Cao vai proceder cun rogo. Que o técnico de Urbanismo aclare estas cuestións e cal sería a posición de Urbanismo nun caso así. Porque este proxecto crea unha intranquilidade social moi xustificada.

Alcaldesa: Os técnicos non teñen posicións. Os técnicos teñen unha normativa, o PXOM do 2004 e a Lei de Solo con reformas sucesivas, unha moi recente. O técnico non se posiciona do lado de ninguén. Iso é cousa doutros. O técnico o que fai é verificar se cumpre a legalidade ou non a cumpre. A Sra. Rodríguez Cao que solicite o que queira, que está na súa liberdade, pero o que lle pode dicir é que o técnico non se posiciona, senón que aplica a normativa vixente para Urbanismo. En canto a informar xa acaba de dicir aos veciños presentes e aos que a están vendo, que unha vez que se presente o proxecto e sexa informado por Urbanismo, chamará aos veciños de Portobravo para informalos.

A Sra. Rodríguez Cao sinala que se equivocou na palabra empregada. Non quería referirse a posicionamento senón saber o que di a Lei e a xurisprudencia no caso dun crematorio no núcleo de Portobravo.

A Sra. Rodríguez Cao di que nun suposto como este, onde hai un certo vacío legal, aínda que hai xurisprudencia, cre que sería oportuno que non só houbese un informe técnico senón tamén un informe xurídico.

Alcaldesa: As licencias sempre teñen un informe técnico e un informe xurídico. Unha vez que informe o Departamento de Urbanismo pásase o expediente ao informe do técnico xurídico. E aí é onde remata a tramitación municipal. Sempre hai os dous informes. E até que se remate o expediente non irá a Xunta de Goberno Local. E unha vez incorporados os informes sectoriais pertinentes. Polo que queda un longo camiño. Pero ela informará aos veciños moito antes: no momento en que o Técnico urbanístico diga se o proxecto é ou non viable. Cando estea feito este traballo (aínda poden pasar meses antes de que cheguen os informes doutras Administracións) ela informará aos veciños.

D. Amador Turnes Núñez, voceiro do GPM do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

- 1 Pregunta como está de avanzado o saneamento da Filgueira.

Alcaldesa: Xa estivo a empresa alí. Agora están pendentes do permiso de estradas da Deputación Provincial porque hai un tramo afectado. Está bastante molesta porque canto máis nos aproximemos ao inverno peor para o desenvolvemento da obra. Xa se preocupou deste asunto chamando ao enxeñeiro que leva o tema. Para a vindeira semana vai de novo á Deputación e irá onde o Xefe de Servizo para interesarse por este asunto.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 05.10.2018

28



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Turnes Núñez pregunta que por onde empezan.

A Alcaldesa explica que por arriba e indícalle por onde seguirán.

- 2 Quere facer un rogo en relación ao espello que hai no tramo do Seixido porque se lle despegou a parte reflectante. Cando veña a chuvia ou humidade non se vai ver nada.

Alcaldesa: Toma nota e indica que hai que substituílo.

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidentencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e dez minutos (22:10 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais



A SECRETARÍA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

